APROXIMACIÓN Á MICROTOPONIMIA DA CIDADE DA CORUÑA: ENTRE O ESQUECEMENTO E A REIVINDICACIÓN

Xosé Manuel Sánchez Rei
Universidade da Coruña
sanrei@udc.es

1. Introdución

A toponimia é unha parte da disciplina coñecida como onomástica que se ocupa do estudo dos nomes de lugar, en cuxa análise converxen nunha doada simbiose ámbitos doutros saberes, tales como a economía, a demografía, a historia, a socioloxía, o estudo da paisaxe e das súas transformacións etc. Vira, pois, unha esfera de coñecemento o suficientemente interesante como para repararmos na súa capacidade para nos axudar a sabermos máis de nós propios e dos nosos percursos históricos e lingüísticos particulares. Por este motivo, coidamos que debe ser debidamente restaurada e conscientemente empregada, xa que á sombra dun topónimo hai unha importante información cultural, histórica e de humanización da terra que contribúe para nos caracterizar como pobo galego. Pensemos, por exemplo, no topónimo *A Ramalleira*, hoxe agochado no polígono Agrela-Bens, e poderemos imaxinar un terreo en que as ramas das árbores eran unhas das súas principais características; ou reparemos no lugar chamado *As Regas*, entre os bairros de Cances e da Moura, e seremos capaces de aínda hoxe comprobarmos a cantidade de regueiros que baixan por esa bagoada facendo brañas na súa parte máis baixa, atravesando subterraneamente a actual Avenida de Fisterra (antigamente coñecida con varios nomes, cal *Estrada de Bergantiños*, *Estrada de Camariñas*, *Estrada de Corcubión* ou *Estrada de Fisterra*) e xustificando a vizosidade de numerosos terreos de cultivo; ou pensemos na orixe do topónimo *San Cristovo das Viñas*, nome dunha tradicional freguesía herculina, e poderemos sen grandes problemas imaxinar unha antiga produción vinícola tamén detectábel noutros nomes de lugar da zona hoxe totalmente esquecidos ou ilocalizábeis,

como por exemplo *A Viña*, *A Viña do Perruqueiro*, *Aira da Viña*, *Viña Vella*[1] etc. Os nomes de lugar, por tanto, traen consigo unha transcendente información doutros tempos e perdérmolos fai que se borren todos eses reveladores datos.

Moitos e de moito variada índole son os topónimos que se achan na cidade da Coruña e na súa comarca e sobre eles imos centrar o noso interese, particularmente nas freguesías de San Cristovo das Viñas e de San Pedro de Visma. Esa abundancia de nomes de lugar resulta harmónica co que se detecta no resto da nación, pois calcúlase que aproximadamente a metade dos topónimos existentes na península ibérica se encontra na actual Galiza, no norte de Portugal e nunha boa parte do occidente das provincias españolas de Asturias, León e Zamora, isto é, na Gallaecia, a antiga provincia romana que, após diversos avatares históricos e despois da chegada dos suevos no século V, sería o xerme do reino galego, o territorio peninsular máis influente política, cultural e lingüisticamente durante un longo período de tempo da Idade Media (V-XIII). Tal realidade canto aos topónimos xa pode dar unha idea da importancia que nomear a terra tivo (e ten) para as persoas que a habitan, pois dar nome aos lugares, a diferentes grupos étnico-culturais, ás correntes de auga, ás rochas do mar, aos vales, aos camiños, ás ribeiras, aos terreos que se cultivan etc. supón humanizalos e tornalos unha parte da experiencia vital do individuo. E en confronto, deturpar ou mudar caprichosamente as toponimias implica, dalgún xeito, violentar o percurso histórico do país e a súa cultura, para alén de agredir directamente o idioma. Os responsábeis políticos deberían ter entre as súas

1. Nótese que a existencia destes nomes referidos á produción de viño harmoniza con investigacións históricas en que se ponderan eses cultivos. Así, nos séculos XVI-XVIII a cidade achábase "rodeada de un cinturón vinícola que no proporcionaba vino de gran calidad, pero cuya producción controlaba practicamente en su totalidad", o que "certifica una vez más la estrechísima relación establecida entre la ciudad y su comarca" (VV.AA 1995: 197-198). Cfr. tamén o sinalado por Alonso Otero & Giadás Álvarez (1998: 21): "Con grande esforzo podemos chegar a imaxinar cómo sería a paisaxe que contemplaría [o P. Sarmiento] tras remontar a costa de Monelos e cruzar o alto de Eirís: o balbordo incesante dos coches, a carón de hipermercados e torres de vivendas [...] dificilmente consegue evocarnos as tranquilas campiñas, salferidas de viñedos". Continúan a expor que ese "viño de Oza", "afamado na Idade Media", aparece en numerosos textos legais, en que constan referencias tales como "viñas e terreos bacelares de S. Cristovo" nun documento de 1399, "as miñas viñas de Eirís" nun testamento de 1405 ou "S. Vicenço do vinno" e "S. Cristoval dos vinnos" nos recrutamentos de 1445 para as guerras de Granada.

obrigas faceren con que este tipo de erosións, que dana o galego e que escurece ese avatar histórico do pobo na humanización da terra, non se repetise ou non fose promovida directamente desde os poderes socioeconómicos.

2. Topónimos e microtopónimos

Os nomes de lugar poden clasificarse de diversas formas, conforme aparece na literatura especializada, como, por exemplo, aquela que os diferencia fundamentalmente en topónimos (referidos ao territorio) e en hidrónimos (referidos ás correntes ou estancamentos de auga); hai tamén quen distingue entre antrotopónimos (relativos a nomes de persoas), orotopónimos (referidos a accidentes do terreo), haxiotopónimos (relativos a nomes de santas ou santos) etc., tal e como figura no exposto en Ferreiro (1997: 27). Mais dentro de todas esas clasificacións, unha distinción fundamental é aquela que os identifica entre maiores ou macrotopónimos e menores ou microtopónimos, que serían, estes ultimos, os que fan referencia a pequenas proporcións de terreo, tales como brañas, camiños e corredoiras, fontes, hortas, leiras (ou partes delas), lugares habitados por poucas casas, montes, pequenos vales, regueiros, tenzas etc.

Os microtopónimos constitúen sen dúbida o tipo máis numeroso dentro dos topónimos, e hainos, que designan lugares maiores, de orixes prerromanas (*Páramo*, no Bairro da Agra do Orzán; *Seara*, antigo nome hoxe esquecido pertencente á freguesía de San Pedro de Visma; *Laxes de Orro*, a carón da desaparecida aldea da Agrela), latinas (*Loureiro*, no bairro de Visma; *A Canceliña* no Bairro da Agra do Orzán; etc.) ou xermánicas (*Eirís*, nome do coñecido bairro herculino; *Meicende*, núcleo de población que serve de transición entre os concellos da Coruña e de Arteixo; etc.). Así pois, canto á súa orixe, a denominación tradicional dos lugares pode retrotraer a máis de 2800 anos, como é o caso das prerromanas, mais tamén pode ter a súa localización temporal nos primeiros séculos da nosa era ou é capaz até de que chegase á *Galiza* (nome por certo de orixe prelatina) á volta da invasión sueva ou da chegada dos árabes: *Figueiroa*, por exemplo, provén de FICARIOLA ou 'figueira pequena'; o sufixo -OLA en latín deixou de estar operativo por volta do

século VIII da nosa era e por tanto ese nome pode remontar, cando menos, a aquela época, en harmonía con outros que aparecen polo país adiante: *A Carballoa*, *As Abeleiroas*, *Airoa* e *Eiroa*, *Castiñeiroa*, *Cerdeiroa*, *Ferreiroa*, *Grixoa*, *Irixoa*, *Leiroa*, *Negreiroa*, *Oliveiroa*, *Pereiroa*, *Ribeiroa*, *Salgueiroas*, *Ulloa*, *Viñoa* etc.

Os nomes de lugar, por outra parte, manteñen coa lingua común unhas relacións nin sempre correspondidas relativamente ao grao de innovación e de conservación daqueles e desta. Por un lado, costuma afirmarse que as solucións lingüísticas detectadas nos topónimos nun territorio determinado coinciden a grandes trazos coa evolución da lingua nesa mesma rexión; así, por exemplo, os resultados dialectais que caracterizan as modernas falas galegas vanse atestar tamén cunha relativa equivalencia nas toponimias, de forma que onde se ouve *O meu* ***irmán***, nas rexións occidentais do país, vai documentarse normalmente *Chan* (*Portochán*, Carballo, A Coruña; *O Chan da Aldea*, Sada, A Coruña; etc.), ao paso que onde se rexistra *O meu* ***irmao***, na faixas central e oriental, vai acharse a solución toponímica *Chao* (*Agrochao*, Cedeira, A Coruña; *O Chao*, Baleira, Lugo; etc.). Nos microtopónimos da Coruña e da súa comarca temos mostras de que ese tipo de correspondencias se mantén, como ilustran os seguintes exemplos provenientes da freguesía de San Pedro de Visma: *Bens*, *Fontán*, *Monte dos Chás* ou *Fontela*, dos cales, para os tres últimos, hai atestacións noutras partes do país en equivalencias do tipo *Fontao*, *Chans* ou *Chaos* e *Fontenla*, conforme sinalamos noutro lugar (Sánchez Rei 2013: 399-401).

Mais, ao mesmo tempo, o estudo da toponomástica tamén permite verificarmos como o nome de lugar consegue manter trazos lingüísticos antigos, o que o converte, nalgúns casos, nun revelador elemento arcaico no contexto xeral da evolución da lingua; talvez un dos casos máis emblemáticos na Galiza sexa o nome *Punta Batuda*, na Ría de Noia, que mantén a desinencia *-uda* dos verbos da segunda conxugación típica do galego medieval. Porén, sen termos de ir até a esa zona nin de remontarmos tanto no tempo, hai exemplos de nomes que, cando menos nos testemuños que chegaron até nos, dan mostras do seu notorio grao de conservación: conforme consta nas *Contadurías de Hipotecas* de 1849 da freguesía de San Cristovo das Viñas (CH, 340), aparecen varias mostras de topónimos coa forma *Aira*, cal *Aira da Viña*, *Codesal da Aira* etc., antesala da común e máis moderna *Eira*; e igualmente, o bairro de *Eirís*, que tamén dá nome a un núcleo de Arteixo, mantén o seseo implosivo característico hoxe en día de certas falas galegas, mais presentemente xa non rexistrábel na zona da Coruña.

Do punto de vista da pronuncia dos nomes de lugar, non raro costuman aparecer varias hipóteses fonéticas, nomeadamente se se trata de microtopónimos, e no caso da Coruña non nos achamos perante unha excepción. Así, por exemplo, o Bairro de *Peruleiro*[2] é coñecido aínda hoxe como *Piruleiro* por moita xente da cidade e desta forma aparece mesmo nalgúns textos, como o de González López (1987: 26):

> La población de San Roque d'Afora era eminentemente obrera, de trabajadores de toda clase, de mar y de tierra: obreros del muelle de La Coruña, de oficios varios, marineros y pescadores, que tenían sus botes en Riazor o en el Portiño, detrás del Monte de San Pedro, y algunos campesinos, que cultivaban las huertas de San Roque, Labañou, Piruleiro y San Pedro.

Por súa vez, o lugar da *Parrumeira* atéstase en ocasións como *Parromeira* ou *Parromeyra*, tal e como o recolle Vedia y Gossens (1972: 289). Un antigo manancial e o seu terreo circundante, hoxe en día soterrados polo cemento no polígono Agrela-Bens, eran coñecidos por algunhas persoas do lugar de Cances como *A Fontaíña*, ao paso que por outras era denominado *A Fonteíña*. Analogamente, dos múltiplos pequenos regos que ían confluír coas augas que baixaban da Fontenova, nas hortas que hoxe se achan de novo baixo o polígono Agrela-Bens, un era comunmente chamando *O Regueiro*, mais tamén se escoitaba en ocasións *O Rigueiro*, e así se documenta no *Cadastro* do Marqués de Ensenada do século XVIII. Ao mesmo tempo, o núcleo rural coñecido de maneira oficial como *Comeanda* ocorre popularmente con *Comianda*, inversamente a como a aldea de *Nostián* se transforma ás veces en *Nosteán* nunha pronuncia popular. Por súa vez, o lugar de *Outeiro*, próximo de Vioño, que co pasar do tempo daría nome a unha das máis famosas e principais vías de comunicacion intramunicipais, era tamén chamado en ocasións *Auteiro* por veciñas e veciños dese mesmo lugar de Cances.

2. *Peruleiro* dá nome hoxe a unha vía urbana, mais nos primordios do século XX servía para identificar todo un núcleo de población rural.

E a pedra *Rabaleira*, na península da Torre de Hércules, tamén se coñece hoxe en día como *Robaleira*, que é o que se detecta analogamente noutras partes do país para sinalar unha zona de abundante pesca de *robaliza* ou *robalo*; etc. Por iso, no momento de fixar no nomenclátor oficialmente un topónimo, poden aparecen certas dificultades derivadas das múltiplas pronuncias rexistradas: Feijoo Ares (2007: 778) sinalou os problemas de interpretación detectados para o caso de *Verducedo*, pronunciado como *Vordocedo*, *Vurducedo*, *Vurdacedo*, *Vurvucedo*, *Vordacedo* ou *Verducedo*, xa que despois de "enquisar a dez informantes seguía sen haber consenso maioritario nunha soa forma". En Sobrado dos Monxes, igualmente, aínda hoxe se escoita falar ás xentes do lugar da *Brixaría*, *Brixería*, *Berxaría* ou *Birxaría*, moito embora o nome oficial ficase formalizado como *A Brixaría*.

Canto ao valor semántico dos microtopónimos, tamén se diferencia con clareza un duplo comportamento ou unha dupla realidade. Así, ao paso que hai nomes que son totalmente transparentes do punto de vista etimolóxico e do significado, como *Agrela* 'agra pequena', *Campo do Carballo*, *Eiriñas* 'eiras pequenas', *Fontenla* 'fonte pequena', *Seixeda* 'lugar en que abundan os seixos' etc., documéntanse outros que, contrastivamente, presentan máis problemas para a súa filiación significativa e para lles acharmos un étimo a que os asociar. Esta situación costuma darse con aqueles topónimos encorsetados pedagoxicamente como "prerromanos" ou "prelatinos", nos cales a nebulosa da suposición decorre paralela á vontade de interpretación por parte do investigador ou da investigadora; recentemente acaba de darse a lume o último traballo de Fernando Cabeza Quiles, *A toponimia celta de Galicia*, en que se adscriben ao substrato céltico os diferentes *Coruña* que hai no territorio galego, incluíndo a propia cidade e vinculándoos con varios nomes de lugar e de ríos bretóns, escoceses, irlandeses e galeses (Cabeza Quiles 2014: 235-246).

3. As causas da desaparición da microtoponimia

Así pois, como acontece no resto do país, a riqueza tanto en variedade como en cantidade dos nomes de lugar menores da zona da Coruña convértese nun dos trazos que mellor define a intensa relación entre o ser humano, a lingua e a paisaxe. No entanto, unha grande parte destes topónimos pode perderse, sobre todo por varias causas susceptíbeis de se sintetizaren do modo seguinte: (a) mudanza no modo de vida e nos medios de produción; (b) morte da xente de idade, que era a que conservaba esa memoria; (c) desenvolvementos urbanísticos e empresariais discutíbeis a respecto da paisaxe e dos nomes, como os levados a cabo coa construción dos polígonos industriais da Agrela-Bens e de POCOMACO, das vivendas das Roseiras[3], da zona da Sagrada Familia etc.[4]; (d) políticas municipais pouco ou nada comprensivas con toda esa riqueza onomástica, que non souberon apreciar o valor cultural da toponimia; normalmente, estes factores costuman aparecer combinados uns cos outros, pois, non raro, as urbanizacións agresivas que mudan aleatoriamente os topónimos adoitan contar coa conivencia de gobernos municipais claramente desinteresados na lingua e no valor das toponimias; (e) procesos de barbarización dos nomes tradicionais. Imos ver a seguir algunhas desas causas.

3.1. Modificacións do modo de vida

O estudo e a recuperación dos nomes de lugar presenta certas problemáticas derivadas da evolución da sociedade galega na segunda metade do século XX. Non é unha novidade afirmarmos que a desruralización trouxo consigo que as cidades e as súas zonas de influencia máis próximas gañasen en importancia como referencias comerciais, culturais, económicas etc. dunha representativa parte da población, mais tamén implicou que o campo fose ficando sen habitantes. A partir de aquí, moitos microtopónimos corren o risco de seren

3. É este un dos casos máis evidentes de falta de respecto polos topónimos tradicionais. A construción do coñecido polígono de vivendas acabou dando a todo o bairro a denominación **Los Rosales* por decisión das empresas inmobiliarias. Popularizado desa maneira, prodúcense agora certos problemas para a restauración do nome orixinario, en que ocorren *As Roseiras* (se o nome realmente ten que ver con esas flores) ou *Os Rosais*, máis unha hipótese de certo suceso que parece tradución directa do nome en español, mais que, segundo algunhas persoas, recollería o seseo do verbo *rosar* 'rozar', ao ser esa zona unha área en que até aos meados do século XX se detectaban puntos de seseo explosivo.

4. Nestes medios, ás veces tórnase complicado falarmos de lugares e aldeas que xa non existen fisicamente, dos cales só se mantén certa memoria grazas ás lembranzas dalgunha xente idosa; tal é o que acontece coa *Agrela*, *Gatón*, *O Regueiro* etc.

esquecidos ou de se perderen definitivamente, pois as diversas realidades a que daban nome, como os diferentes tipos de terreos, as vías de comunicación internas, as fontes, os regueiros etc. deixaron de ser rendíbeis do punto de vista económico. Aínda que algúns deles poidan subsistir na memoria das persoas de máis avanzada idade durante certo tempo, é evidente que nin todos van ter a sorte de seren incluídos nas pertinentes instancias administrativas ou no nomenclátor oficial. Pensemos que as fillas e os fillos desas xentes traballan nas cidades e nas vilas e os seus medios de vida xa non están vinculados ao cultivo da terra, de aí que non se faga imprescindíbel o coñecemento daqueles nomes de lugar.

Isto aconteceu, por exemplo, cos bairros e aldeas da Moura, As Xubias, Bens, Cances, Comeanda, Elviña, Loureiro, Mazaído, Monelos, Palavea, Peruleiro, San Roque, Visma etc., pois, desde a segunda metade do século XX, foron perdendo pouco a pouco o seu carácter rural até practicamente as persoas que os habitan hoxe en día deixaren de ter vínculos coa terra. Os topónimos dan cumprido testemuño dese pasado agrícola: repárese, poñamos por caso, no nome *Mazaído*, que fai referencia á produción de mazás nesa parte, ou nos topónimos *A Maceira*[5], lugar próximo á Pastoriza, en Arteixo, e *As Maceiras*, na freguesía de San Pedro de Visma, que tamén recollen a idea da importancia desa froita no pasado; ao mesmo tempo, toponimias como *A Nabeira* ou *As Nabeiras*, actualmente agochadas debaixo do asfalto industrial do polígono Agrela-Bens, referencian terreos en que se daban precisamente os nabos; etc.

Noutra orde cousas, como causa e como consecuencia ao mesmo tempo das mudanzas na vida socioeconómica na segunda metade do século XX axiu a concentración parcelaria, a cal fixo que moitos pequenos campos de cultivo, identificados frecuentemente mediante microtopónimos, fosen xuntados con outros para enformaren terreos maiores. Isto, que tivo unha especial repercusión no hábitat rural, implicou que unha grande parte deses nomes de lugar se esquecese e que se adoptase posteriormente un topónimo xenérico para nomear a concentración resultante.

5. Nos primordios do século XVIII aparece recollido nun documento como *Maseira*, reflectindo o seseo explosivo (cfr. Velo Pensado 2009: 207).

3.2. Desenvolvementos urbanísticos e empresariais irrespectosos

Unha outra ameaza para a sobrevivencia dos topónimos e para a súa subsecuente recuperación deriva de actuacións urbanísticas absolutamente irrespectosas coas nomenclaturas tradicionais. Aínda que xa desde a década de 60 do século XIX se viñeron proxectando diversos ensanches coas consabidas ampliacións dos índices demográficos citadinos, chama a atención a enorme expansión acontecida na segunda metade do século XX (VV.AA 2008: 345-346): desde aproximadamente o ano 1950 até 1975 a población urbana aumentou de 134.000 habitantes a 207.000, o que subsecuentemente implicou actuacións urbanísticas para unha localidade que, mercé á emigración interior, estaba a medrar a unha grande velocidade. Na obra colectiva *A cidade dos barrios* (2011) faise referencia precisamente ás transformacións que implicou a urbanización dalgunhas áreas da cidade ou das súas proximidades:

> o territorio que circunda a cidade da Coruña contou coa presenza dunha ampla rede de núcleos de poboación de carácter e orixe rural. Atopábanse situados en relación ás áreas que posuían características axeitadas para a explotación agrícola e estaban relacionados entre si mediante unha rede de camiños que os comunicaba. Este sistema de asentamento era consecuencia da axeitada relación entre un sistema social e económico vinculado á explotación agraria e a configuración territorial que o sustentaba. Ao longo da historia moitos deses núcleos foron absorbidos ou desapareceron baixo os sucesivos crecementos da cidade (VV.AA 2011: 96).

E a cidade, con efecto, creceu e tamén aumentaron as súas zonas de industrias, mais isto aconteceu sen que os gobernos municipais reparasen no valor cultural dos nomes de lugar. Así as cousas, debaixo dos quilómetros cadrados do polígono industrial denominado Agrela-Bens, a que xa fixemos referencia máis arriba, agóchanse, entre a néboa do tixolo, do cemento e do asfalto, moitas aldeas, lugares e casais varridos por rúas agora chamadas *Arquímedes*, *Copérnico*, *Edison*, *Galileo Galilei*, *Gambrinus*, *Guttemberg*, *Pasteur* etc. Eses sitios, onde se localiza agora a tal sucesión de toponimia dedicada aos mestres da ciencia, eran coñecidos por nomes ben sonorosos como *Agrela*, *A Agra dos Mallos*, *A Fontaíña*, *A Fontela*, *A Fortaleza*, *A Nabeira* e *As Nabeiras*,

A Ramalleira, *A Torre das Vellas*, *A Viña* e *A Viña do Perruqueiro*, *As Cortiñas*, *Amarredonda*, *Fonteculler*, *Gatón*, *Marfialla* ou *Marfealla*, *O Bairro Novo*, *O Chinto*, *O Control*, *O Fondal*, *Os Carrís*, *Os Regueiros*, *Os Curros*, *Pousadoiro* etc.

Talvez resulte un tanto estrambótico o feito de alguén poder preguntar polo edificio coñecido anglosaxonicamente por "Work Center", en que na actualidade se achan sucursais bancarias, restaurantes, negocios hostaleiros etc., e que non saiba que o sitio en que asenta responde á parte de abaixo do lugar da *Ramalleira*. Na mesma liña, quizais non vire menos rechamente que a actual *Rúa Gambrinus*, descendo por ela desde A Fontenova, condenase á obsolescencia un topónimo como *A Agra de Cances*, na súa marxe esquerda, e outro como *O Regueiro* ou *O Regueiro Escuro*, na súa beira dereita. Algo similar aconteceu coa *Rúa Newton*: no seu cruzamento coa Avenida de Fisterra ocupou unha parte do lugar da *Moura*, topónimo este, por certo, xa rexistrado cando menos nunha relación de propiedades do ano 1633 (Velo Pensado 2009: 188). Tamén existe presentemente o proxecto de nomear a zona de Cances coñecida como *As Eiriñas*, xa documentada así no ano 1752 no *Cadastro* do Marqués de Ensenada, co ridículo nome de **Calle / Rúa Comuneros de Castilla* e até **Calle / Rúa Derechos Humanos*.

Ao mesmo tempo, un agresivo desenvolvemento urbanístico verificado na segunda metade do século XX fixo con que lugares e aldeas tradicionais pasasen a se converter en rectilíneos trazados que acabaron por dar forma a avenidas, roldas e rúas. Nalgúns traballos tense comentado o anárquico dese brutal proceso co termo "cementópole", conforme se le en VV.AA (2008: 373). A partir de aí, deitando unha ollada retrospectiva, non é de estrañar que os hoxe chamados bairros coruñeses da Agra do Orzán (os campos desde os cales se vía o mar do Orzán), de Visma e do Peruleiro oculten nos seus cimentos nomes que, no mellor dos casos, só lembran as persoas idosas, ou que, con máis frecuencia, unicamente se documentan nas escrituras notariais de permutas, testamentos e vendas, segundo comentabamos máis arriba. Tal é o que se verifica con topónimos como *Acaroada*, *Agro do Río*, *Esqueiro*, *Filgueiras*, *Maceiras*, *Matella*, *Pardiñas*, *Ribalonga*, *Ribeira do Cómaro*, *Seveiriña*, *So as Rimas*, *Terreo do Orzán*, *Terreo da Ribeira* etc., detectados nun testamento do ano 1922, no cal se dá conta das

propiedades que pasan a ser dun veciño de Peruleiro. A maior parte deses nomes é hoxe practicamente descoñecida para o común da xente, aínda que puidemos averiguar que o lugar chamado *Ribeira do Cómaro* se achaba na aldea de San Roque, aproximadamente na zona en que hoxe asenta un colexio concertado e unha discoteca.

A mesma agresiva proxección urbanística obrigou os nomes dos camiños, fontes, lugares e terreos de cultivo que se agochaban baixo o hoxe coñecido como Polígono de Elviña (sen estar xeograficamente en Elviña) a pasaren a se denominar, desde a década de 80 do pasado século, como **Calle / Rúa Antonio Machado*, *Vicente Alexandre*, *Jorge Guillén*, *Manuel Hernández*, *Dámaso Alonso* etc., isto é, honrando a memoria da "Xeración do 27" da literatura española. A segunda fase do antecitado polígono, chamado o Bairro das Flores, recibe precisamente esta demoninación debido á existencia de rúas consagradas ás *Begonias*, *Dalias*, *Gardenias*, *Lirios*, *Petunias* etc. E nas proximidades da pequena aldea de Nelle, hoxe desaparecida, asistimos a como as vías urbanas adquiriron os nomes de *Río Avia*, *Río Limia*, *Río Sarela* etc.

En síntese, diante de todas as actuacións contra o legado toponímico, facemos nosas as palabras de Cabeza Quiles (1992: 16) cando denuncia estes feitos:

> Resulta penoso comprobar como numerosos topónimos menores van desaparecendo día a día sepultados baixo modernos nomes de rúas ou prazas que nos máis tristes casos son síntoma xa non só de ignorancia e ausencia de respecto pola toponimia histórica, senón aínda de falta absoluta de imaxinación á hora de dar nome ás novas formas de urbanización.

3.3. Políticas municipais pouco ou nada comprensivas coa riqueza onomástica

Por outro lado, debemos facer referencia a esas mudanzas de topónimo, adoito tamén promovidas polo poder político e económico, que na práctica condenou ao esquecemento unha notábel cantidade de nomes tradicionais. Mesmo o artesanal traballo sobre microtoponimia de García López (2009: 18), nada sospeitoso de ser adalid da reivindicación da esencial galeguidade dos topónimos coruñeses, sinala neste

sentido que A Coruña non se distinguiu especialmente por "conservar los topónimos que hoy se encuentran urbanizados", apreciación coa cal é doado concordarmos no esencial (exceptuando que o que se urbaniza non son os nomes, mais os lugares que identifican): estamos a nos referir aquí a microtopónimos, actualmente substituídos por outras denominacións impostas ou proxectadas por diferentes gobernos municipais. Na situación da cidade ártabra, detéctase esa conversión de difícil xustificación en innúmeros casos, cal o lugar denominado como *A Cancela* (hoxe en día a zona da Avenida de Fisterra próxima da rúa San Isidoro), *A Parromeira* (nos arredores da actualmente denominada Rúa Ángel Senra), *Alto do Penedo* (na actualidade correspondente á área do Observatorio máis próxima das rúas Canceliña, Páramo e Pascual Veiga), *Camiño novo* ou *Estrada de Castela* (hoxe denominada rúa Juan Flórez), *Campo do Carballo* (agochado baixo a moderna zona da rúa Francisco Mariño), *Campo dos Medeiros* ou *Medeiros* (hoxe coñecida como Galera por causa dunha prisión para mulleres construída en 1908), *Hortas de Garás* ou simplemente *Garás* (área da avenida de actual nome Linares Rivas), *Paiomouro* (aproximadamente a zona actual do chamado Paseo das Pontes), *Praza dos Ovos* (coñecida presentemente como Praza do Humor), *Porta da Torre de Arriba* ou simplemente *Porta da Torre* (a área hoxe denominada Praza de Pontevedra)[6], *Praia da Bebiriana* (que despois pasaría a ser coñecida como Praia do Matadeiro) etc. Unha das últimas mudanzas neste sentido foi a que tivo lugar co chamado *Parque de San Pedro de Visma*, o cal, por decisión do actual goberno municipal de María Pita, vai adoptar o nome de *Parque Adolfo Suárez*. Ao mesmo tempo, ao lugar da *Agramela*, ao pé do Loureiro, en Visma, apareceulle recentemente unha vía urbana denominada *Ágora* por causa da construción nese sitio dun centro cultural que leva este nome grego.

Ocasionalmente, poden documentarse referencias ás novas denominacións e ás tradicionais en obras contemporáneas segundo se pode detectar nos seguintes fragmentos, que se centran no topónimo *Praza da Fariña*, hoxe en día máis coñecida como *Praza da Constitución*: falando de casas aristocráticas, Vedia y Gossens (1972: 265) non hesitaba en detectar as dúas posibilidades no ecuador do século XIX e así, a comentar a existencia dun palacio, no "sitio en que se halla, que es la plaza de la Constitución, vulgo de la Harina, hubo antiguamente otro". Por súa vez, Paula Mellado expuña en 1850 que "en la Ciudad hay otra plaza llamada de la Harina, de bastante extensión pero de forma irregular, y en ella está el palacio de la Audiencia (1987: 45-46).

En todas estas mostras, a noso ver, a práctica institucional debería orientarse cara á recuperación dos topónimos antigos ou, tal e como se fixo en cidades como Pontevedra, sinalar a carón do moderno a antiga denominación, nalgúns casos difícil de restaurar debido ao grande uso que conseguiu ter a nova. E non falemos xa de nomes dedicados ou vinculados ao fascismo e/ou á barbarie do ano 1936, como *Alférez Provisional, Almirante Vierna, Alzamiento, Avenida de los Caídos, Cabo Ponte Anido, Cabo Santiago Gómez, Calvo Sotelo, Comandante Barja, Cánovas Lacruz, Delicado Marañón, General Mola, General Sanjurjo, Gomez Zamalloa, Juan Canalejo, Millán Astray, Pepín Rivero, Primo de Rivera, Salgado Torres, Teijeiro Pérez* etc. para os cales nin tan sequera se cumpren as disposicións derivadas da Lei da Memoria Histórica (Lei 52/2007), aprobada no día 31 de outubro de 2007, que regran que tales denominacións, máis de corenta no nomenclátor coruñés, teñen de ser eliminadas ou mudadas.

3.4. O proceso de barbarización dos topónimos

En último lugar, existe unha outra ameaza para a conservación dos microtopónimos da cidade consistente na súa hibridación co español, xerando resultados, a través da mestura, que dan conta do proceso de

6. Desa zona partía un paseo no ecuador do século XIX, chamado de "Santa Margarida", que aparece descrito na obra de Vedia y Gossens (1972: 293): "Forma ese paseo la salida del camino real de Bergantiños que á poco trecho de la puerta de Arriba se eleva sensiblemente hasta el alto de los molinos del mismo nombre. Nada particular ofrece como paseo, pues es puramente un camino real, pero le hacen agradable su situación despejada, el verdor de las huertas que se estienden á la mano derecha, y la vista de la ensenada del Orzan con la torre de Hércules al estremo de la península". Relativamente ao nome *Porta da Torre*, quen isto escribe lembra como esa denominación se mantivo residualmente durante algún tempo, moito despois até de seren derrubadas as murallas de acceso á cidade na zona no ano 1869: no lugar de Cances, mesmo nos primordios do século XXI, varias persoas idosas aínda falaban da Praza Pontevedra dicindo que "antes era a Porta da Torre" e lembrando como os seus familiares se referían a ela aínda co nome tradicional. O topónimo retrotrae as súas primeiras documentacións á segunda metade do século XVI (véxase Velo Pensado 2009: 187).

colonización tamén nos nomes de lugar. Ferreiro (1997: 50-53), neste sentido, expón cinco maneiras de levar adiante esas actuacións, detectábeis, como no resto do país, tamén no nomenclátor coruñes: (i) tradución completa da forma toponímica, (ii) tradución parcial, (iii) tradución do artigo toponímico, (iv) reconversión gráfico-fonética por medio de equivalencias e (v) adaptación fonético-morfolóxica do topónimo galego. Sen entrarmos máis pormenorizadamente no desenvolvemento das ditas cinco estratexias, un paseo demorado pola cidade permite verificarmos ese proceso xeral de españolización, xa denunciado noutros traballos da presente obra. Por iso, a pesar de que a toponimia menor, na opinión de Ferreiro (1997: 52), non se viu en xeral tan afectada como os nomes que designan lugares maiores, no entanto si que existen exemplos de como a microtoponimia tamén sofreu as cinco anteriores vías de españolización. Así, achamos mostras de traducións totais do topónimo (*Ferrarías* > **Herrerías*, *Rúa da Barreira* > **Barrera*, *Santa Margarida* > **Santa Margarita* etc.), de traducións parciais que nada significan nin nunha lingua nin noutra (*A Cubela* [debería ser *A Cuvela*] > **La Cubela*, *Campo da Estrada* > **Campo de la Estrada*, *Fonte da Pichiqueira* na Silva > **Fuente de la Pichiqueira*, *Penamoa* > **Peñamoa* etc.), de traducións do artigo (*A Gaiteira* > **La Gaiteira*, a rúa da Silva chamada *A Venela* > **La Venela*, o lugar entre A Moura e San Xosé coñecido como *O Carballo* > **El Carballo*, *O Portiño* > **El Portiño* etc.), de reconversións gráfico-fonéticas (*Montouto* > **Montoto* etc.) e de adaptacións fonéticas e morfolóxicas (*Agra de Santo Amaro* e *Santo Amaro* > **Agra de San Amaro* e *San Amaro* etc.).

En síntese, se ben que a españolización afectou en diferente medida e aleatoriamente os nomes de lugar herculinos, documentándose mostras de total conservación (cfr. *Agra da Bragua*, nunca **Agra de la Bragua*; *Bens*, xamais **Benes* nin **Bienes*; *Fontenova*, nunca **Fuentenueva*; etc.), constitúe máis unha mostra de agresión ao legado onomástico galego, na liña das comentadas nos parágrafos precedentes.

4. A documentación actual dos microtopónimos

4.1. A memoria doutros tempos

De entrada, non vira unha tarefa doada aproximármonos do rico patrimonio da toponimia menor nos tempos actuais, nomeadamente cando a oficialidade optou polo seu esquecemento. En principio, para as primeiras fontes de información débese pensar nas persoas que fan ou que fixeron uso daquelas terras, camiños e mananciais, e que son, por tanto, boas coñecedoras do territorio. Estamos a nos referir polo xeral a xente de notábel idosidade, capaces de lembraren eses nomes de lugar. Conforme sinalamos en Sánchez Rei (2011: 277-282), os estudos clásicos de xeolingüística decidían que a maioría de informantes tiña de presentar catro características básicas: primeiramente, esas persoas debían ser sedentarias, con pouca ou nula mobilidade, xa que así a súa fala denotaría mellor a rexión en que vivían. En segundo lugar, tiñan de ter unha idade avanzada, pois pensábase que a xente vella reflicte mellor os hábitos lingüísticos dunha época pasada. Como terceiro trazo, considerábase que debían proceder do mundo rural, xa que as comunidades camponesas costuman implicar maior conservadorismo lingüístico. Finalmente, exixíase que ese conxunto de persoas tiña de estar constituído por homes, porque nos países occidentais se pensaba que a fala das mulleres tende a ser máis reflexiva e con máis consciencia que a masculina. Correspóndese co tipo de 'falantes NORM', acrónimo debido ao lingüista canadiano J. K. Chambers, que provén das iniciais das palabras inglesas para alguén 'sedentario' (= ***nonmobile***), 'idoso' (= ***older***), 'rural' (= ***rural***) e do sexo 'masculino' (= ***male***).

No obstante, tórnase obvio que esta cuádrupla caracterización, mesmo tendo sido eficazmente recorrente, deixa portas a medio fechar. Nótese, por un lado, que a fala da xente de maior idade nin sempre ten de corresponder necesariamente ao estadio lingüístico real dunha zona concreta, pois ao ir desaparecendo ese conxunto de falantes é tamén posíbel que se produzan mudanzas na verdadeira situación dialectal da rexión; os grupos de informantes de menor idade deben, do mesmo modo, ser tidos en conta, pois deles depende a conservación de determinados trazos locais, moito máis que dos estratos etarios altos. Por outra parte, o desenvolvemento de novas liñas de pesquisas dialectais e sociolingüísticas na segunda metade do século XX permitiu notar a

relevancia doutros condicionantes: o sexo, a procedencia, a formación académica etc. están detrás da documentación de diversos fenómenos do variacionismo dialectal. Aliás, nin sempre resulta totalmente certo que as mulleres presenten adoito as mesmas actitudes ou pautas de comportamento lingüístico no que se refire ao grao de conservación de trazos gramaticais ou lexicais, pois tense verificado que a interacción con outros factores (exposición aos medios de comunicación, maior ou menor grao de formación, pertenza a redes sociais etc.) é capaz de modificar notabelmente os seus hábitos no uso da lingua.

Porén, existe un ámbito en que as investigacións lingüísticas teñen de traballar de preferencia con falantes tipo NORM, ou cando menos 'NOR', isto é, con pouco nível de mobilidade, de idade avanzada e do mundo rural, sendo tanto homes como mulleres, na liña con que comezamos esta epígrafe: estamos a falar de inquéritos para o estudo e a compilación da toponimia menor, en que se recomenda que as persoas que participaren neses cuestionarios precisan de coñecer con profundidade o territorio sobre o cal están a ser interrogadas. Segundo López Boullón & Castro Castedo & Feijoo Ares & López Macías (2007: 756), os individuos escollidos como informantes deben presentar, no mínimo, as seguintes catro características: (i) deben ter un bo coñecemento do territorio, que se vería axudado pola práctica laboral de determinadas tarefas, cal a agricultura, a cría de gando etc. [trazo 'N']; (ii) deben ter unha idade notábel, xa que conservan mellor a memoria histórica dos microtopónimos que as novas xeracións, en que se pode dar o caso de os esqueceren [trazo 'O']; (iii); teñen de ser expoñentes dunha boa orientación para a localización na representación fotográfica do topónimo e do espazo que identificar; e (iv) deben facilitar os datos requiridos sen reticencias nin desconfianzas.

4.2. O recurso a textos legais

Mais a recorrencia ás persoas idosas é a situación ideal e non a real. Ao desaparecer a xente de idade que coñecía nomes de lugar e ao seren abandonados os terreos de cultivo ou as zonas por que se pasaba para acceder a eles, conforme vimos máis arriba, hoxe en día pode virar terribelmente complexo determinarmos con precisión a localización exacta en que se achaban algúns deses lugares. En certos casos, é tarefa practicamente imposíbel e só podemos reparar na súa detección e nunha localización aproximada acudíndomos a documentos legais e notariais doutras épocas, textos de arrendamentos, doazóns, compra-vendas, partillas, sucesións, testamentos etc.). Así, sen ánimo de exhaustividade, por exemplo, puidemos comprobar nos manuscritos das *Contadurías de Hipotecas* de San Cristovo das Viñas e de San Pedro de Visma (CH, 340; CH, 350), datados en 1849, a existencia de nomes hoxe en día totalmente ignorados para a maior parte da cidadanía que mesmo habita esas partes da demarcación municipal: *Abeneiro, Carballeiras, Casanova, Chancellas, Codesal da Aira, Comareiro, Espiño, Fervenzas, Fontán, Lago, Laxeiras, Monte dos Chás, Pardiñeiros, Pasadoiro, Pedra Furada, Pereiro, Portafigueira, Revolta de Carrabouzal, Seara, Seixeda, Sobredomuíño, Torre da Fonte, Viña Vella* etc.

Dentro dos documentos de carácter administrativo ten especial relevancia o coñecido como *Cadastro* do Marqués de Ensenada, de 1752, da responsabilidade do nobre de idéntico nome. O proxecto, destinado a unificar nun único imposto todos os tributos que se pagaban ao Estado, tiña unha grande vontade centralizadora, mais concluíu cun rotundo insuceso; con todo, grazas a el podemos ter acceso a moitos topónimos menores, algúns deles aínda localizábeis e outros, en confronto, de difícil identificación xeográfica. Deste modo, no realizado para a actual demarcación municipal de Arteixo, e en particular nas "Respuestas Generales, correspondientes a la feligresía de Santa María de Pastoriza", colindante coas de San Pedro de Visma, San Cristovo das Viñas e San Vicente de Elviña, áchanse microtopónimos que sinalan os limites destes territorios coa Pastoriza, algúns deles dificilmente localizabeis na actualidade: *Agra de Pardiñeiros, Cabeza de Boi, Fonte Ramalleira, Fonte do Rigueiro de Pías, Pedra do Bieiteiro, Pedras do Foxo, Pedras do Río, Pena do Rouzo das Loureiras* etc. (CME1). Por seu turno, na sección do *Cadastro* "Indize por Abezedario delos Eclesiasticos, Conventos, Cofradias..." relativa á freguesía de San Cristovo das Viñas, aparecen nomes como *A Barreira, A Breixa, A Cova, A Ferrolla, A Fraga, A Gándara, A Medoña, A Picañoa, A Porta, As Carreiras, As Eiriñas, Agra da Viña, Agra d'Afora, Ameneiro, Andeleiros, Braíña, Bragua, Carabousal, Fonte da Pedra, Fontesuárez, Golmara, Infesta, Rigueira, Lonsas,*

Mallos, O Valado, Ousido, Ponte da Pedra, Pousadoira, Pradolongo, Socomariño e *Socumariño, Tarreo do Crego, Torre das Vellas, Viñas Vellas* etc., dos cales apenas uns poucos son coñecidos na actualidade por persoas idosas (CME2)

4.3. A axuda da literatura culta e tradicional

Para alén de documentacións legais e administraivas, de cando en vez algúns deses topónimos transparecen en certas obras literarias, aínda que non é, cando menos no caso da comarca da Coruña, o máis habitual. Os profesores Miguel A. Mato Fondo e Xosé Ramón Freixeiro Mato, neste mesmo volume, ilustraron con significativas mostras como foi poetizada a toponimia da zona da Coruña desde o século XIX até á nosa época. Pola nosa parte, podemos citar a obra de Antón Patiño *Memoria de Ferro* (2005); así, por pormos un exemplo, na "Carta a Manolo Seoane Díaz, fusilado no Campo da Rata", excerto tirado desa obra, rexístrase unha notábel cantidade deses nomes de lugar pertencente á zona de Cances-A Moura:

> Aquel violín teu tiña todos os días resposta coa orquestra que ergueran na horta da túa casa todos os merlos de San Xosé e O Carballo. Tamén os da Moura, Gatón, Comeanda e Mazaído. Os do Regueiro, Fontenova e Cances. Os merlos da Silva de Arriba e de Abaixo, desde a Horta do Ferreiro, xuntados cos da Agrela e Meicende (Patiño Regueira 2005: 20).

Máis un exemplo é o que nos brinda a narración "Os da Barbería de Vitoriano", tamén proveniente da mesma obra, da cal extraemos este fragmento:

> Martín Viéitez Martín, de Barreiro en Meicende, caída a tarde tomaba camiño de San Xosé polo Carballo, A Moura e Santa Margarida. Na Torre agardaba por casteleiro, o Porfirio e mais os Mariños. Todos ían lixeiros para o Café Unión da Praza Pontevedra. Alí sumábase o médico Rumbao. Aquel que lle dera unha malleira mortal a un veciño de Mazaído, perto de Bens, só por tropezar co seu can de señorío (Patiño Regueira 2005: 84-85).

Por outra parte, contamos igualmente coa axuda do cancioneiro anónimo colixido na cidade e nas súas proximidades, no cal se atestan ás veces algúns (micro)topónimos coruñeses. Destaca neste sentido o compilado por Pérez Ballesteros na segunda metade do século XIX e publicado nos anos 1885-1886: *¡Ai! Marica, quén te entende, / Mariquiña de* ***Nostián*** (CPG I, 184); *Cando vou para a Coruña / vou por* ***Santa Margarita*** (CPG III, 44); *Fun pola calle do* ***Monte,***/ non si cho conte (CPG II, 74); *O baile de* ***Río de Quintas*** */ ¡moito viva! quen-o honra; / as nenas de* ***Palavea*** */ e máis as de* ***Pedra Longa*** (CPG II, 46); *O gaiteiro de* ***Bioño*** */ malo costado ch'o mate* (CPG I, 159); *Ó pasar o* ***Rego d'Agua,*** */ o* ***Rego d'Agua da Cruña,*** */ ó pasar o* ***Rego d'Agua*** */ embarqueime n-a falúa* (CPG III, 136); *Pol-a ponte de* ***Monelos*** */ vintecinco xastres van* (CPG I, 153); *Xa ves ti se corrín terras, / que, estando en* ***Santa Lucía,*** */ entrei por* ***porta d'abaixo,*** */ salín por* ***porta d'arriba*** (CPG II, 163-164); etc.

Outrosí, esa mesma literatura de transmisión xeracional dá conta da utilización do topónimo tradicional que na actualidade pode ter "oficialmente" distinto nome; repárese na denominación orixinal, aínda hoxe con uso, que ten a coñecida como "Praza de España" da Coruña, tal e como se acha rexistrada na obra de Pérez Ballesteros antes comentada: *Adiós, meu* ***campo d'a Leña*** */ adiós, esquina do Parque* (CPG III, 128)[7]. Nesta mesma colección, por súa vez, pode observarse como a administración mudou en ocasións os topónimos tradicionais, perante o que o cancioneiro anónimo non ficou á marxe, como antes xerou estrofes que reflectían tales modificacións; así, aparece nunha cuadra "o Cantón d'o Xeneral", o que explica que Pérez Ballesteros se vise na obriga de comentar:

> Alude á los nombres con que durante muchos años se distinguió la que vuelve á llamarse calle Real (y, antes, de Acevedo) y el Cantón de Porlier, en memoria de dicho general. Recobró su antiguo nombre de Cantón Pequeño, con el cual se le conoce hoy (CPG III, 128, n. 1).

7. Cfr. tamén o sinalado por Vedia y Gossens no século XIX, autor que recolle igualmente outra das denominacións tradicionais dese espazo público: "En lo más elevado de la Pescadería está la plaza ó más bien campo de la Leña, que es un terreno vasto donde se pone á la venta pública dicho artículo. También está destinado á un uso mas triste, cual es la ejecución de los reos condenados á pena capital, y por lo mismo es igualmente conocido con el nombre de campo de la Horca" (1972: 291)

Ao mesmo tempo, nos microtopónimos herculinos é onde podemos aproximarnos puntualmente dunha idea da distinta distribución demográfica que presentaba a cidade noutras épocas. Un deses achegamentos é o que podemos levar a cabo se seguirmos os pasos do desaparecido Concello de Oza, xurisdición fundamentalmente rural que rodeaba a península da Coruña e que en 1912 se integrou no concello coruñés. Os limites entre as dúas demarcacións municipais non estaban totalmente claros e, nalgúns casos, confluían factores culturais, tributarios e xeográficos, segundo sinala González López (1987: 34) para o bairro de San Roque: os lindeiros que separaban os dous concellos "eran muy distintos a los efectos fiscales del impuesto de consumos a los culturales y por último, los físicos de cada uno de estos dos Ayuntamientos. Los límites fiscales comenzaban mucho antes que los geográficos". Como quer que sexa, a transición entre ambas as administracións estaban determinadas polos chamados "Bairro 12" e "Bairro 13" da Coruña, nos cales se achaban, no primeiro deles, as rúas e lugares a seguir: *Garás*, *Santa Lucía*, *Camiño Novo*, *Falperra*, *Fonte do Monte*[8], *Rúa Travesa do Monte*, *Pozo*, *Castiñeiras*, *A Palloza* e *Primavera*; e no segundo, por seu turno, localizábanse os seguintes núcleos: *Campo do Carballo*, *Cristais*, *Paiomouro*, *Santa Margarida*, *Vista Alegre*, *Cancela*, *Nelle*, *Lagar*, *Riazor*, *San Roque*, *Peruleiro*, *Ranchos de Vera*, *Cabaleiros*[9], *Camposa*, *Campo da Vitoria*, *Horta do Xeneral*, *Parrumeira*, *Espiño* e *Castiñeiras de Arriba*[10]

8. Coñecida na actualidade como *Fonte Seca do Monte*, fai referencia a un antigo manancial, hoxe desaparecido, ao cal acudían as veciñas e os veciños do Bairro de Santa Lucía para se abastecer-ren de auga.

9. Refírese á *Rúa dos Alcabaleiros* (nome documentado xa no *Cadastro* do Marqués de Ensenada en 1752), que eran as persoas encarregadas de cobraren os impostos aplicados aos produtos que se introducían na cidade para a súa comercialización; a dita rúa, co pasar do tempo e coa ignorancia oficial, acabaría converténdose na *"Calle / Rúa Caballeros*. Outros nomes referidos a oficios ou labores que conseguiron sobrevivir son, por exemplo, *A Gaiteira*, *Mantelaría*, *Os Mallos*, *Tabernas*, *Veeduría* etc., nalgúns casos asociados a gremios.

10. Véxase tamén a obra colectiva VV.AA (1991: 10), en que se atestan, nunha recreación saudosa, varios deses lugares aínda no século XX. Cfr. igualmente o mapa que se reproduce en VV.AA (2011: 97), dispoñibel tamén en http://www.coruna.es, que recolle un total de corenta e catro "núcleos de poboación históricos".

A antedita administración local de Oza era formada polas paroquias de San Pedro de Visma (a máis esencialmente mariñeira), San Cristovo das Viñas, San Vicente de Elviña e Santa María de Oza, aínda hoxe existentes, e non é de estrañar que, ao longo das páxinas do cancioneiro de Pérez Ballesteros aparezan algunhas estrofes que fan referencia a eses lugares ou que mesmo foron compiladas neles. Subsecuentemente, tamén non resulta raro acharmos comentarios do compilador referidos ás aldeas que integraban esas freguesías, comunmente a ponderar que se trata da periferia da cidade: os outrora núcleos de Palavea e de Elviña, hoxe dentro do concello da Coruña e con importantes centros públicos económicos e educativos (hipermercados e instalacións universitarias), ficaban ás claras fóra da cidade, como se deduce da nota a rodapé que Ballesteros dedica a San Vicente, de que di ser o "Patrón de la parroquia de Elviña, cerca de la Coruña" (CPG III, 129, n. 1); a aldea de Vioño, actualmente desaparecida por unha urbanización e polo coñecido como parque de idéntico nome, é comentada do modo que segue: "*Bioño*: lugar inmediato á la ciudad de la Coruña" (CPG I, 149, n. 3); por súa vez, a tradicional aldea de Monelos, en que na actualidade se encontran importantes edificios administrativos, é glosada así: "Inmediato á la ciudad de la Coruña" (CPG I, 153, n. 2); ao mesmo tempo, *Agrela*, lugar en que hoxe asenta o coñecido polígono industrial, é referenciado da seguinte maneira: "Lugar próximo á la Coruña (CPG II, 86, n. 2); etc.

Mais o extinto Concello de Oza non resulta o único protagonista desa distinta distribución populacional e administrativa na Galiza, xa que, inclusive, a tamén coruñesa praia do Orzán, na marxe occidental do istmo, focou unha outra reflexión neste sentido. Ficando na actualidade na cerna da cidade, non se percibía na mesma forma en finais do século XIX, a termos en conta o xeito con que se comenta: "Mar del Orzán; pequeña ensenada al O. de la ciudad de la Coruña" (CPG II, 65, n. 2). Por súa vez, o bairro de Santa Lucía áchase hoxe en pleno centro urbano, mais no século XIX, aínda se encontrando dentro dos limites municipais, constituía un núcleo de población de fóra das murallas, habitado fundamentalmente por familias mariñeiras; por iso, o colector non reparou en se referir a el dicindo que se trataba dun "Arrabal de la ciudad de la Coruña" (CPG II, 159, n. 1).

Deixando de lado as obras de autoría individual e o cancioneiro anónimo, hai casos en que, dunha maneira totalmente puntual, se pode ter acceso a nomes de lugar grazas a obras publicadas por xente doutros países ou rexións, adoito viaxeiros, que tomaron nota do nome do lugar por que pasaron, aínda que nin sempre se fixese dun modo completamente acertado. Véxase, neste sentido, o que deixou escrito Paula Mellado (1987: 44) na metade do século XIX a respecto da súa chegada á Coruña, parecido a algúns textos da época[11]:

> El camino real desde el Burgo á la Coruña es de lo más delicioso, pues aparte la agradable vista del mar, forman un risueño paisage las graciosas aldeas y casas de campo que se ven esparcidas por una y otra parte. Dejamos atrás el estanque de Cidama [= Acea de Ama], el lindísimo aunque pequeño valle de Palavea, el Portazgo, el monte Iris [= Eirís], la aldea de Monelos y el populoso barrio de Santa Lucía.

4.4. Outras fontes de información

Finalmente, para alén de persoas que aínda son capaces de lembraren os nomes de lugar e a súa localización, e á marxe de documentos legais e de textos literarios, existen diversas axudas que poden ser de utilidade para recuperarmos e analizarmos as microtoponimias e que, en determinadas circunstancias, son as únicas ferramentas de que dispomos. Así, por exemplo, contamos cos mapas doutras épocas, e en especial os que se compilan na páxina web http://www.coruna.es, nos cales se achan nomes de lugar e de rúas que posibilitan a obtención de datos. Interesa salientarmos que algunhas desas cartas xeográficas e mapas fornecen información de primeira man que dá conta do estado do idioma no pasado a respecto de determinados fenómenos lingüísticos, como tamén acontece co *Cadastro* do Marqués de Ensenada ou coas *Contadurías de Hipotecas*: rexístrase o seseo explosivo para o caso do mar

11. Eis un excerto do exposto en 1845 por Vedia y Gossens (1972: 296): "La tercera y principal salida es el camino real de Castilla, que saliendo del barrio de Santa Lucía, vá á Monelos, se eleva por la cuesta y monte de Irís, y descendiendo al Portazgo, ofrece al viagero el vallecito delicioso y pintoresco de Palavea. En el mismo Portazgo se divide en dos ramales: el de la derecha vá á Santiago, y á corta distancia se encuentra el lugar de Vilaboa con algunas casas de campo pertenecientes á habitantes acomodados de la Coruña, que van á huir en aquella frondosidad los calores del verano".

do *Orsan* ou *Orçan*, segundo se documenta no "Plano de la ciudad y pescadería de la Coruña" realizado por Francisco Montaigú y de la Perille en 1726 (véxase VV.AA 2008: 297); ao mesmo tempo, na exposición "Pegadas na memoria" (aberta ao público desde 01.10.2014 até 15.01.2015 na Biblioteca Universitaria de Oza), en que se explicaba a historia do sanatorio de Oza, mostrábase un documento desta índole en que figuraba escrito "Nª. Sʳª de Osa".

E tamén habería que facer referencia aos medios de comunicación escritos, en que, non raro, aparece información referida a sitios pequenos, habitados ou non. Mais, por motivos de espazo, aprofundarmos nestas e aínda noutras hipóteses deberá ficar para outro traballo, sen por iso lles negarmos o seu valor como fontes para recuperarmos e divulgarmos a toponimia menor da cidade e da súa contorna.

5. Conclusións

En síntese, á vista do exposto nas páxinas precedentes, urxe estudar o notabilísimo legado que supón a microtoponimia da cidade da Coruña para que se non perda definitivamente, de forma a así se recuperar ou restaurar segundo for o caso. Interesa ponderarmos aquí o complexo que pode tornarse ás veces coñecermos vellos nomes de lugar: inicialmente, se houber persoas capaces de recoñeceren os microtopónimos e de os localizaren no territorio (o que é a situación máis favorábel), poden ser de valiosísima axuda. Mais acontece que esta situación ideal nin sempre se dá, quer polas mudanzas no modo de vida, quer pola desaparición desas xentes. Perante isto, hai que botar man doutros recursos, tales como os documentos legais e administrativos, a literatura culta e a tradicional, os mapas doutras épocas etc. para nos aproximarmos dese importante patrimonio toponomástico.

Finalmente, ten de ser labor das autoridades competentes velaren para que todo o proceso se leve a cabo con garantías de suceso e impediren que determinadas actuacións urbanísticas atenten contra todo ese enorme legado cultural, histórico, lingüístico e sociolóxico que representa a toponimia menor: esta, preguntada debidamente, é capaz de nos fornecer moitísima información relativa aos modos de vida das galegas e dos galegos doutras épocas e, na verdade, acabar con ese

potencial debe ser considerado unha agresión non menor á cultura galega. Sería unha verdadeira mágoa que todo ese extraordinario patrimonio acabase sendo totalmente.

Referencias bibliográficas

- Alonso Otero, Mª. L. & Giadás Álvarez, L. A. (1998): *Itinerario bergantiñán do Padre Sarmiento* (A Coruña: Deputación Provincial da Coruña).
- Cabeza Quiles, F. (1992): *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado* (Vigo: Xerais).
- Cabeza Quiles, F. (2014): *A toponimia celta de Galicia* (Noia: Toxosoutos).
- CEM1 = Concello de Arteixo (ed.) (2010): *Catastro de Ensenada. Interrogatorio. Transcrición* [realizada por María Rozamontes Vázquez das freguesías comprendidas no Concello de Arteixo] (Arteixo: Concello de Arteixo).
- CME2 = (1752): "Indize por Abezedario delos Eclesiasticos, Conventos, Cofradias y obraspias que comprehende el Libro de relaciones de lo Real de ellos", en *Catastro del Marqués de Ensenada. San Cristóbal das Viñas* [03034]. Copia do existente no Arquivo do Reino de Galicia.
- CH, 340 = *Contadurías de Hipotecas, 1849.* [San Cristovo das] *Viñas.* Arquivo do Reino de Galicia (referencia ARG 35.449, L-340).
- CH, 350 = *Contadurías de Hipotecas, 1849.* [San Pedro de] *Visma.* Arquivo do Reino de Galicia (referencia ARG 35.449, L-350).
- CPG = Pérez Ballesteros, J. (ed.) (1979) [reprodución facsimilada da edición de 1885-1986]: *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña por José Pérez Ballesteros. Con un prólogo del ilustre mitógrafo portugués Theóphilo Braga.* 3 volumes (Madrid: Akal).

- Feijoo Ares, V. (2007): "A toponimia nas montañas do sueste ourensán", en Méndez, L. & Navaza, G. (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento"*, p. 767-780 (Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica & Instituto da Lingua Galega).
- Ferreiro, M. (1999) [1997]: *Gramática histórica galega.* Volume II. *Lexicoloxía* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- García López, A. (2009): *Calles con historia. Historias de las calles de La Coruña* (A Coruña: Espacio Cultura).
- González López, E. (1987): *Memorias de un estudiante liberal (1903-1931)* (Sada / A Coruña: Ediciós do Castro).
- López Boullón, X. R. & Castro Canedo, Ó. & Feijoo Ares, V. & López Macías, M. (2007): "Metodoloxía da enquisa toponímica: materiais e procedementos", en Méndez, L. & Navaza, G. (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento"*, p. 753-765 (Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica & Instituto da Lingua Galega).
- Patiño Regueira, A. (2005): *Memoria de ferro* (Vigo: A Nosa Terra).
- Paula Mellado, F. de (1987) [reprodución facsimilada da edición de 1850]: *Recuerdos de un viaje por Galicia en 1850* (A Coruña: Librería Arenas).
- Sánchez Rei, X. M. (2011): *Lingua galega e variación dialectal* (Ames / Santiago de Compostela: Laiovento).
- Sánchez Rei, X. M. (2013): "Os nomes de lugar e a dialectoloxía. Algunhas consideracións sobre as variantes locais do galego e a súa atestación nos topónimos", *Verba* 40, 389-414.
- Vedia y Gossens, E. (1972) [reprodución facsimilada da edición de 1845]: *Historia y descripción de la ciudad de la Coruña* (A Coruña: Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses).

- Velo Pensado, I. (2009): *Clasificación e inventario. Guía* (A Coruña: Archivo de la Colegiata).
- VV.AA (2011): *A cidade dos barrios. Unha mirada complementaria da Coruña* (A Coruña: Deputación da Coruña & Concello da Coruña & Fundación Caixa Galicia).
- VV.AA (1991): *A Agrupación Cultural O Facho. A Coruña na Cultura Galega* (A Coruña: Venus Artes Gráficas).
- VV.AA (1995): *Historia de La Coruña* (Perillo-Oleiros / A Coruña: Vía Láctea Editorial).
- VV.AA (2008): *A Coruña 12008-2008. A construción dunha cidade / La construcíon de una ciudad* (A Coruña / Madrid: Concello da Coruña & Comisión Estatal para las Conmemoraciones Culturales).